



Memoria impropia dun
alcalde de todos os
pontevedreses

Non quere acordos, quere
imposicións

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PONTEVEDRA

CÉSAR ABAL GONZÁLEZ, Concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular, polo presente escrito formula **EMENDA Á TOTALIDADE** aos orzamentos do Concello de Pontevedra para o exercicio 2018, de acordo coas seguintes

CONSIDERACIÓNS:

A memoria da Alcaldía presentada nos Orzamentos para o ano 2018 reflicte a clara deriva na que caeu o goberno do BNG de Lores nos últimos tempos. Unha memoria que ben podería asinar calquera antisistema pero, dende logo, non unha persoa que aspira a ser o Alcalde de todos os pontevedreses.

As críticas louvadas contra a Unión Europea, o Estado Español, a economía de mercado, os supostos espolios de Galicia ou os peches de fábricas forman o eixo da súa memoria.

É coñecida a postura do Partido Popular de ter a man tendida ao goberno do BNG para a elaboración dos orzamentos; incluso cando as outras forzas políticas representadas na Corporación Municipal lle pechaban as portas.

Pero o Alcalde, lonxe de intentar chegar a acordos con algunha das outras forzas políticas optou por impoñer o seu criterio desprezando as achegas do PP e chegando a negar a este mesmo grupo votar as emendas presentadas no último Pleno dos Orzamentos. Un feito propio de outros réximes que queremos esquecer pero que, por responsabilidade cos pontevedreses que nos deron o seu apoio, seguimos e seguiremos tendendo a man do diálogo.

Deriva antisistema do
Alcalde

Un diálogo que se volve cada vez máis difícil coa deriva antisistema do noso Alcalde. O último ano foi especialmente doloroso e humillante para moitos pontevedreses que creen na pluralidade e no estado de dereito. Dende renderlle honores no Teatro Principal a un ditador coma Fidel Castro ata asinar no nome de Pontevedra o apoio explícito ao chamado “procés” catalán. Todo isto, ademais, pasando pola negativa a amosar o apoio da nosa cidade ás Forzas e Corpos de Seguridade do Estado cando máis o necesitaban, ou o recente e indignante acto conxunto de dous dos concelleiros de goberno con Arnaldo Otegi.

Feitos que este Grupo Político, defensor da Pontevedra plural e aberta que nos deixaron os nosos devanceiros, non pode obviar á hora de formalizar unha posición sobre o documento que marcan as principais liñas de actuación do ano en curso do goberno local.

UNIÓN EUROPEA

As políticas e institucións que critica fortemente Lores son xustamente ás que Pontevedra lle debe o maior progreso e avance social coma nunca antes se coñecera. Certo é que aínda pode haber disfuncións no recente marco de construción da unidade europea, pero non debemos caer no erro do regresionismo ás políticas caducas e fracasadas do século pasado.

A U.E. concentra o 50% do
gasto social mundial

A Unión Europea supón o 7% da poboación mundial, produce o 25% da riqueza e concentra o 50% do gasto social mundial. Unhas cifras demoledoras que ningún outro sistema puido igualar na historia da humanidade. O que procede, polo tanto, é máis Europa e seguir profundando nas reformas necesarias para que este avance non se deteña.

Zona Monumental,
Saneamiento Lérez

En Pontevedra sabemos ben que a integración na Unión Europea supuxo un salto cualificado na nosa cidade. Gracias a esa Europa que tanto critica Lores puidemos dispoñer do Plan Urban que recuperou para os pontevedres a nosa Zona Monumental, puidemos mellorar o

saneamento do noso Lérez, acabamos de conseguir os fondos EDUSI e terminaremos de sanear integralmente a Ría de Pontevedra, por destacar tan só algunhas das medidas que nos beneficiaron.

ESTABILIDADE ORZAMENTARIA

A maior garantía para a
defensa do Estado Social é a
Estabilidade Orzamentaria

A Estabilidade Orzamentaria é unha das claves que axudaron a España a saír das situación de bancarrota que nos deixaron as políticas de exceso de gasto público da esquerda e que motivaron en maio de 2010 o maior recorte en gasto social da historia da democracia. Pensionistas, dependentes, funcionarios, axudas a maternidade, Comunidades Autónomas ou axudas á cooperación ó desenvolvemento foron tan só algúns dos que padeceron inxustamente as consecuencias daquelas políticas.

A camiño para recuperar o equilibrio nas contas públicas foi duro e doloroso. A maior garantía para a defensa do Estado Social é a Estabilidade Orzamentaria, en maiúsculas. Por iso, agora que se comeza a albiscar a recuperación económica, negámonos en rotundidade a volver caer nos erros do pasado.

A Lei de Estabilidade Orzamentaria tamén incluía medidas para sanear as contas das entidades locais, onde moitos concellos de España atopábase en risco de creba.

IBI, o principal tributo
municipal

Unha delas foi incrementar a recadación do Imposto de Bens Inmóveis (IBI), que é o principal tributo municipal e fonte de financiación dos Concellos.

O seu obxectivo era sanear as contas nos concellos asfixiados pola débeda. Mentres moitos aproveitaron para eliminála para sempre, coma Vigo ou Ourense, Pontevedra dedicouse a outros mesteres, froito dunha política económica errante e caótica.

No 2016, 1 de cada 3
concellos de Galicia baixou
o IBI

En Pontevedra todos os
partidos se negaron a
baixar o IBI

A maior subida encuberta
de Impostos da
democracia

A redución de deuda é
por non investir o orzado

Negativa a formar parte
dos Concellos *Doing
Business*

Dita obriga rematou no ano 2016. A partir de entón a inmensa de maioría dos concellos ben xestionados optaron por regresar aos valores previos, diminuindo ó imposto que tiñan que pagar os seus veciños. Así, tan só no ano 2016, un de cada tres dos concellos de Galicia xa optara por rebaixalo. Moitos deles, por certo, gobernados polo BNG.

En Pontevedra, sen embargo, Lores optou por solicitar voluntariamente ao Estado aplicar os coeficientes de actualización de valores catastrais ese mesmo ano 2016, aproveitando a desaparición da medida Estatal. O Grupo Popular levou esta redución ao Pleno do Concello de Pontevedra pero por desgraza nos atopamos có apoio férreo de todas as forzas da Corporación restantes, sen excepción.

Un feito gravísimo que propiciou a maior subida encuberta de impostos en democracia para os pontevedreses. Un incremento “pola porta de atrás” que provoca que o Concello recade máis de 2,5 millóns de euros cada ano coa complicidade do resto de grupos da corporación.

Presume, ademais, Lores na súa Memoria de reducir débeda. Pero non conta que os orzamentos nunca planificaron a súa redución. Non conta que esa redución se produce como consecuencia de incumprir reiteradamente os investimentos orzados. Non conta, en definitiva, que esa redución, é debido a unha obrigatoriedade da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

EN CONTRA DO EMPREGO

Recentemente o goberno do BNG negouse en Pleno, a instancias de este Grupo, a que Pontevedra se adherise ao Plan “Concellos Doing Business” creado por a Xunta de Galicia e que conta co apoio da Federación Galega de Municipios (FEGAMP) e no que tamén concellos gobernados por alcaldes nacionalistas se están a adherir. Este Plan ofrece un marco de colaboración estable da man da Xunta

Pontevedra posúe unha localización privilexiada non explotada

Non podemos rexignarnos a ser unha cidade de servizos e funcionarios

Pechar empresas a cambio de nada non é a solución

O BNG sempre primou o interese electoral por riba do futuro de Pontevedra

de Galicia para facilitar a implantación de empresas e a creación de emprego. Lores négalle a Pontevedra tamén esa posibilidade.

O Grupo Popular de Pontevedra considera que Pontevedra posúe unha localización privilexiada para a atracción de empresas que non é aproveitada. Somos porta de entrada común a un mercado único de 500 millóns de habitantes. Temos 3 portos nun radio de 30 quilómetros e 2 aeroportos a 30 minutos, e formamos parte da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, que é a terceira gran área industrial da Península Ibérica, cunha poboación superior aos 6,4 millóns de habitantes.

Pontevedra non pode resignarse a ser tan só unha cidade de servizos e funcionaria. En 15 ou 20 anos todas as xestións coa administración faranse por Internet. O DNI electrónico co estándar europeo estase a implantar ao igual que Administración Electrónica. É tan só cuestión de tempo que chegue a seguinte xeración para que se culmine o cambio de modelo.

Debemos comezar xa a crear o marco idóneo para atraer emprego e inversión e favorecer a actividade industrial no noso municipio. Un novo PXOM é a ferramenta principal para iso, pero tamén rebaixas e bonificacións fiscais ou un plan estratéxico de cidade.

A política iniciada por Lores de pechar empresas a cambio de nada non é compartida por este Grupo Político. Referímonos indubidablemente a ENCE ou ELNOSA, pero tamén a TAFISA, asunto sobre o cal o paso do tempo e os feitos permiten sacar conclusións relevantes.

A nosa posición respecto a ENCE e ELNOSA foi clara dende o primeiro día. Advertimos en tempo e forma de que non se podía agardar a que a situación destas empresas se resolvese soa, e intentamos liderar dende a oposición un traslado que satisfixera a todas e todos. Chegamos a propoñer unha alternativa rigorosa á que ninguén quixo

Defensa do emprego

sumarse. Ao BNG sempre lle primou o interese electoral por riba do futuro de Pontevedra.

Desgraciadamente o tempo deunos a razón e nos atopamos por inacción do noso alcalde coa triste realidade: ou continuidade ou peche. E ante esa situación a nosa posición foi continuidade baixo tres premisas: máxima esixencia medioambiental, máis inversión e máis emprego. Se ENCE, ELNOSA ou calquera outra cumpren estas premisas o noso Grupo defenderá o emprego, e por conseguinte a continuidade de empresas que, ademais, contribúen en máis dun 10% do PIB da nosa cidade.

Agració a Tafisa cunha recalificación urbanística brutal a cambio de nada

Mencionabamos arriba intencionadamente o caso da extinta TAFISA. É un claro exemplo da política de emprego do BNG: pechar empresas a cambio de “nada” para os pontevedreses. Mentres á propietaria lle agraciaron cunha recalificación urbanística brutal con edificacións en forma de U con ata 7 alturas en primeira liña do Lérez, os pontevedreses nos quedamos sen fábrica e sen emprego. Esa, dende logo, non é a nosa política.

Incapaz de gastar o orzamentado

ANÁLISE DOS ORZAMENTOS

Ano tras ano as contas do Concello de Pontevedra arrojan superávit. É dicir, o diñeiro que se recada dos pontevedreses non é aplicado en inversión orzada. É así como o Concello consegue reducir débeda: dando de baixa partidas previstas tales como parques infantís, rede de saneamento ou instalación deportivas, entre outras.

5,6 millóns de euros sen investir no último ano

A última liquidación definitiva presentada arroxa a escandalosa cifra de 5,6 millóns de euros sen executar. Dende logo, deixando toda esa cifra sen investir na cidade non se crean empregos directos como afirma alegremente na memoria o Alcalde.

Orzamentos que falan do pasado e non do futuro

As dúas grandes obras do 2018 financiadas con fondos propios pagaranse con cartos do 2016

Nunca houbo tan pouca inversión con fondos propios

Son máis de dous anos perdidos para Pontevedra onde non atopamos ningunha obra destacable. Unha parálise que propiciou que, por primeira vez en 16 anos de goberno, o Alcalde se vise obrigado a remodelar o seu equipo debido á “descoordinación existente”, como el mesmo se encargou de explicar. E agora nos atopamos cuns orzamentos que indubidablemente teñen que falar do pasado, das obras non feitas en tempo e forma, e non das obras futuras que xa deberíamos estar a acometer.

Para o vindeiro ano as dúas grandes obras previstas con fondos propios non figuran neste Orzamento. Son a reforma da segunda parte da rúa Cruz Vermella e Virxe do Camiño, que se van a financiar con parte do diñeiro do superávit do ano 2016. É dicir, as obras de 2018 fináncianse con cartos do 2016. Dous anos perdidos.

Pero tamén as tres Casas de Cultura que figuran neste Orzamento son obras cun enorme atraso. As tres xa fai tempo que foron anunciadas e teñen todas proxecto presentado. Algunha, incluso, xa rematou a fase de exposición de pública, pero se financia con cartos do vindeiro ano.

Analizando en detalle as obras previstas con fondos propios temos que para Mellora de Accesibilidade Urbana se orzan 306.721,93€ e para Mellora de Accesibilidade Rural 886.721,93€. A menor inversión orzada en toda a era Lores.

Este Orzamento consegue tapar as graves carencias da xestión do goberno local, gracias aos fondos europeos obtidos desa Unión Europea que tanto critica Lores na súa memoria.

Pontevedra conseguiu 12 millóns de euros de Europa

Usa os fondos europeos para agochar a súa nefasta xestión neste mandato

Todos os fondos son para obras con anos de retraso

Excesiva externalización de redacción de proxectos

EDUSI

Os fondos de Estratexia de Desenrolo Urbano Sostible Integrado (EDUSI) é diñeiro concedido pola Unión Europa dentro da Estratexia Europa 2020. Pontevedra conseguiu 12 millóns de euros para proxectos a presentar ata o ano 2020 e que se poden executar ata o 2022.

Lonxe de ofrecer unha planificación para ese gran período, e de pactala co resto de forzas políticas pois ese período abranguerá á vindeira corporación, o goberno do BNG recorre a toda presa a solicitar a maior parte de eses fondos para executalos antes das eleccións do ano 2019 e intentar maquillar, ao mesmo tempo, a súa nefasta xestión neste mandato.

Así, orza, nun só ano 9 millóns dos 12 previstos. E todos os fondos son para obras que xa deberían terse realizado cunha xestión minimamente adecuada. Así, fronte á utilización dos fondos URBAN que motivaron a recuperación, posta en valor e impulso de toda a Zona Monumental, esta última gran convocatoria utilízase para obras que xa veñen con anos de atraso. Coma a Ponte do Burgo, que dende que entrou en funcionamento a Ponte das Correntes atopábase pendente da súa peonalización, a rúa Gorgullón, o arranxo do Multiusos da Xunqueira ou as eternizadas melloras na parroquia de Tomeza.

De esta maneira, os fondos europeos úsanse para tapar as carencias da súa xestión e non para proxectar a cidade cara o futuro. Para esas grandes obras que unha cidade non pode acometer por ela mesma, como o descubrimento do Río dos Gafos.

Para poder ter os proxectos mencionados nas liñas superiores o Goberno do BNG recorreu a unha excesiva externalización no ano 2017. Unha inxente cantidade de asistencias técnicas no ano 2017 que, a falta de coñecer os datos do último trimestre, supuxeron polo

menos, 428.987,82€. Traballos que cunha adecuada planificación e coordinación deberan ser executados polos técnicos municipais.

RURAL

O rural pontevedrés é de novo o gran prexudicado.

O Rural pontevedrés máis prexudicado que nunca

Se as carencias de inversión prevista no casco urbano se pretenden paliar con fondos do ano 2016 e con fondos europeos, para o Rural pontevedrés nin tan sequera iso.

De feito, a exigua inversión prevista con fondos propios de 886.721,93€ é financiada integramente con cargo a solicitude dun novo préstamo. Fórmula habitual deste goberno para maquillar as cifras e que se ven asinando cara o final do ano en curso sin terse consignado na súa totalidade.

2 millóns menos nunha soa partida para o Rural pontevedrés

Se nos orzamentos do ano 2017 a partida *Mellora de Accesibilidade Rural* alcanzaba os 3 millóns de euros con fondos propios, agora prodúcese unha diminución alarmante en máis de dous millóns de euros. O recurso lingüístico do BNG falando de inversión “per cápita”, para distinguir entre o rural e o urbano, busca ocultar esta triste realidade.

Diminución de máis dun 50% no resto

Unha realidade que se agrava ao comparar o resto de partidas dedicadas ao rural. Así, o Alumeado Público diminúe en 90.000€, a Rede de Sumidoiros en 250.000€ e o Plan de Sendas en 65.000€. Máis dun 50% total.

Incluso o millón de euros que desaparece de Instalacións Deportivas froito dos campos de herba sintética no rural, destínase agora a acondicionar a compra do local provisional para novas dependencias municipais.

Partidas señuelo para
gañar tempo e non facer
nada

URBANA E OUTRAS

Para continuar agochando as súas carencias utilizan “partidas señuelo” para silenciar as lexítimas reclamacións da veciñanza. Así obsérvase señuelos para obras como a reforma da rúa Lepanto, Mollabao ou Loureiro Crespo.

Outras aínda corren peor sorte e nin tan sequera se molestan en mencionalas. Campo da Torre, Campolongo Sur, barrio de A Seca, Fernando Olmedo, Casimiro Gómez, Saneamento Areaís ou todo o Plan de Parroquias, elaborado este último por un compañeiro do BNG.

Pese a que a Tenente de Alcalde manifestou no pasado Pleno de Outubro en referencia ao Estatuto de Cataluña que “o que se aproba en Pleno é legal”, a realidade é que das mocións aprobadas en Pleno, non observamos avance algún, coma poden ser:

- Creación da Oficina da Bicicleta que analice en todas as reformas urbanas a implantación de carris-bici.
- Actualización do Plan de Emerxencias
- Elaboración dunha Ordenanza de Servizos
- Elaboración dunha Nova Ordenanza de Circulación
- Elaboración dun Plan de Aproveitamento de Instalacións Públicas sen uso.
- Partidas específicas para todas as obras incluídas dentro do Plan de Parroquias.
- Partida para retomar a elaboración do novo PXOM
- Promoción da Ruta Sarmiento.

- Dotación de desfibriladores en instalacións municipais.
- Creación dunha brigada específica para o mantemento das instalacións deportivas.

GASTO SOCIAL

Somos un concello pobre en servizos sociais

O último ranking elaborado sobre a inversión en gasto social dos concellos de España (Asociación de Directoras y Gerentes de Servicios Sociales) volve a situar a Pontevedra nos últimos lugares.

Somos a capital de provincia con menor gasto social.

En concreto, este último informe, nos define como Concello *Oficialmente Pobre en Servizos Sociais*, cunha inversión media por habitante de 35,36€/h. cando a media dos concellos é de 66,15€/h. e se recomenda unha inversión por riba dos 100€/h.

Este recente informe publicado nas últimas datas ven a sumarse ao *Premio Corazón de Piedra* do ano pasado e ao ranking que elabora o Ministerio de Hacienda e que nos sitúa como a capital de provincia, xunto con Teruel, con menor gasto social de España.

Non se utilizaron as dúas partidas existentes para formación e Renda Social

Un gasto que dende o ano 2011 recortouse un punto porcentual nos Orzamentos e onde se intenta paliar dalgunha maneira coa inclusión de dúas partidas das que dubidamos da súa efectividade e aplicación real.

De feito o programa denominado Becas de Formación e dotado con 200.000€ nos últimos orzamentos non foi utilizado. Como tampouco a denominada Renda Social e dotada con 400.000€ para chegar a un total de 48 familias de 4 membros durante un ano.

COMPOSTAXE

A compostaxe: un
quebradizo para o BNG

E non podemos esquecernos do proxecto estrela do BNG: a compostaxe.

Continua indefinición

Un proxecto que, visto o devir do goberno, está resultando prexudicial para todos os pontevedreses. O denominado proxecto estrela estase convertendo nun auténtico quebradizo de testa para Lores.

Planta para 20 concellos
idea inicial

A indefinición con que xurdiu esta aventura por conta e risco do BNG pontevedrés, pero á conta da cidade, desviou a atención do BNG das prioridades dos pontevedreses. A continua reformulación do que queren e non queren facer cústanos cartos e recursos sen obter rédito algún a cambio.

As toneladas se
incrementan. O recibo
non baixa.

Dende o primeiro plan anunciado por Lores de instalar en Pontevedra unha planta de Compostaxe de 70.000 tn. para que, polo menos, 20 concellos da provincia trouxesen os seus residuos orgánicos a unha das nosas parroquias, o plan da compostaxe non fai máis que dar bandazos.

Veciños descoñecen
ubicación e número

A día de hoxe, a pesares do suposto éxito dos composteiros comunitarios que intentan vender insistentemente, a realidade é que estamos a enviar máis toneladas de lixo que nunca a Sogama. O recibo do lixo non vai baixar e descoñécese o incremento do custe da súa implantación.

A día de hoxe os veciños dos dous barrios afectados polo Plan de composteiros comunitarios seguen descoñecendo o número de contedores que se lles vai instalar, así como a localización elixida.

A día de hoxe, o BNG segue descoñecendo se finalmente vai construír a planta de compostaxe en A Canicouva pese ao cal segue pagando o canon polo alugueiro dos terreos para a planta.

O preto de millón de euros destinado a compostaxe debera sumilo a nova

O Partido Popular só apoia os composteiros individuais

A día de hoxe, é imposible apoiar este proxecto, é unha irresponsabilidade destinar ata 938.000€ neste orzamentos a composteiros cando as prioridades dos pontevedreses son outras.

Case un millón de euros que a nova concesionaria do servizo de limpeza e lixo debera asumir na adxudicación do novo contrato. Se se sabe o que se quere, claro está.

Ante esta situación o Partido Popular só apoia os composteiros individuais e solicitou comezar de cero co plan de composteiros comunitarios.

CONCLUSIÓN

En definitiva, son uns Orzamentos que falan do pasado. Das obras que tiñan proxectos pero non financiación froito da descoordinación que imperou neste mandato. Un mandato centrado en aventuras personalistas como a compostaxe e non en atender as demandas reais dos pontevedreses.

Un Orzamento feito para agochar as carencias dun goberno mais centrado na propaganda e nas viaxes que en solucionar os problemas reais dos pontevedreses.

O documento máis escaso en investimento de todos os presentados por Lores en 16 anos de goberno da nosa cidade e no que chama poderosamente a atención o apoio de dúas forzas presentes na corporación municipal, como son Marea Pontevedra e PSDG-Psoe Pontevedra. Probablemente pensando máis en futuros pactos electorais que nas prioridades dos nosos veciños. Sen esquecernos da imposición feita dende Santiago para que se apoiem.

SOLICITA A V.I. que teña por presentado este escrito e por formulada **EMENDA Á TOTALIDADE ao Proxecto de Orzamento para o exercicio 2018**, instando a súa devolución á Xunta de Goberno Local, todo elo polas razóns expostas no corpo do presente escrito.

Pontevedra, 11 de decembro de 2017



Asdo César Abal González

Concelleiro do Grupo Municipal do PP